

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Subvencións

#### *BASES DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SOCIOSANITARIOS E DA XUVENTUDE*

En virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se establece a atención especializada como un dos niveis nos que se estrutura o sistema de servizos sociais, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, préstalles o seu apoio ás entidades de iniciativa social no ámbito dos servizos sociais especializados. Estas entidades teñen por obxecto a realización de proxectos ou actividades dentro da provincia orientadas á intervención, asistencia, integración social e laboral, prevención e promoción do benestar daqueles colectivos que, atendendo ás súas especiais circunstancias, precisan dunha maior especificación técnica e interdisciplinar na súa intervención.

Tendo en conta o exposto con anterioridade e ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC); da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, relativo ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, a Deputación convoca esta liña de subvencións para darlles un maior apoio ás entidades de iniciativa social que prestan servizos sociais especializados, de acordo coas seguintes

#### B A S E S

##### *Primeira.—Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta convocatoria pública ten por obxecto regular, por parte da institución provincial, o procedemento de solicitude, réxime de concesión, xustificación e pagamento de subvencións destinadas a mantemento de servizos sociais, de servizos sociosanitarios e da xuventude na provincia de Pontevedra a través de intervencións que favorezan a inclusión social ou laboral.

Os proxectos ou actividades obxecto de subvención executaranse durante o período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016, na provincia de Pontevedra.



*Segunda.—Servizos, programas e actividades subvencionables**Servizos sociais na área de familia e infancia*

- Centros de menores
- Centros de atención á infancia
- Ludotecas
- Puntos de encontro
- Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social

*Servizos sociais na área da xuventude*

- Residencias
- Fogares residenciais
- Centros mixtos
- Participación e asociacionismo
- Programas para facilitar a inserción laboral e a súa formación para o emprego
- Programas para colectivos xuvenís desfavorecidos
- Programas de ocio e tempo libre

Todos estes centros deberán cumprir os requisitos de persoal, infraestruturas, horarios, etc. determinados no Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia; no Decreto 96/2014, de 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia; e no Decreto 354/2003, de 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos.

*Servizos sociais na área de persoas maiores*

- Residencias
- Fogares residenciais
- Centros de atención diúrna ou nocturna
- Centros mixtos
- Vivendas comunitarias
- Apartamentos tutelados

*Servizos sociais na área de diversidade funcional*

- Transporte adaptado
- Eliminación de barreiras
- Centros de atención a persoas con diversidade funcional



- Tratamentos de rehabilitación
- Respiro familiar
- Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro)
- Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado
- Programas de acción tutelar

*Servizos sociais na área de drogodependencias e outros trastornos aditivos*

- Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social
- Unidades de día
- Comunidades terapéuticas
- Vivendas de apoio
- Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias
- Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado

*Servizos sociais na área de minorías étnicas e inmigración*

- Programas de formación para o emprego
- Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado
- Programas de apoio á integración social

*Servizos sociais na área de persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social, laboral, etc. (persoas sen teito, ex-reclusas e outras)*

- Albergues
- Centros de acollida e inclusión
- Comedores sociais
- Centros de atención social continuada
- Centros de día de inclusión social
- Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado

*Programas de carácter preventivo, informativo-divulgativo ou formativos dirixidos tanto a colectivos de persoas cunha enfermidade coma aos seus familiares ou á poboación en xeral*

- Charlas, foros, publicacións e campañas de sensibilización
- Programas formativos, xornadas técnicas, seminarios, congresos ou cursos



*Programas de apoio dirixidos a colectivos de persoas cunha enfermidade e aos seus familiares para tratar as enfermidades e as súas consecuencias*

- Terapias de rehabilitación
- Apoio psicolóxico
- Programas de información ou orientación e asesoramento en distintas materias

*Terceira.—Entidades beneficiarias e requisitos*

Poderán obter a condición de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de servizos sociais ou sociosanitarias, que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria e reúnan, á finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter a súa razón social ou sede na provincia de Pontevedra.
- Carecer de fins de lucro (poderán participar na convocatoria as cooperativas sen ánimo de lucro).
- Acreditar que os seus fins e actividades sociais coinciden coa finalidade da convocatoria e o contido do proxecto presentado.
- Estar rexistradas como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, de 23 de decembro, publicado no DOG de 20 de xaneiro de 2012). As entidades que non estean rexistradas deberán solicitar o seu rexistro antes de presentar a solicitude da subvención. No momento de entregar a xustificación deberán presentar a acreditación do rexistro efectivo.
- No caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro deberán estar rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia. As entidades que non estean rexistradas deberán solicitar o seu rexistro antes de presentar a solicitude da subvención.
- No caso dos programas, centros de atención á infancia e a menores en situación de conflito ou desamparo e dos servizos complementarios regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ludotecas, puntos de encontro familiar, centros de atención a persoas maiores, con discapacidade e dependencia, centros residencias para mulleres vítimas de malos tratos, centros de inclusión e emerxencia social e programa de axuda no fogar, tal e como se contempla na disposición transitoria primeira do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia; deberán contar coa correspondente autorización da Xunta de Galicia ou tela solicitada con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. No caso de subcontratación do programa ou servizo, a entidade que o execute deberá contar tamén con esta autorización.



- Autorizar a Deputación para que se utilice o material gráfico relativo ao proxecto na difusión dos proxectos subvencionados.
- Non incorrer en ningún dos casos de prohibición para recibir subvencións previstos no artigo 13 da LXS.
- Someterse aos procedementos de control ou de auditoría que realice a Intervención provincial, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos citados procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte ao disposto na LXS, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.
- As entidades beneficiarias ás que lles sexa de aplicación obrigatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas, en particular ao que se refire ás súas obrigas contables, estarán ao disposto no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro; as restantes entidades beneficiarias deben levar os seguintes libros e rexistros:
  - a. Libro diario de ingresos e gastos
  - b. Liquidación anual de ingresos e gastos
  - c. Libro de inventario
- A entidade solicitante debe estar ao corrente das súas obrigas coa institución provincial, coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
- O funcionamento da entidade deberá ser de carácter democrático, garantindo a participación do usuariado.
- Cando as entidades solicitantes sexan federacións e confederacións deberán relacionar todas as entidades que a integran.

#### *Cuarta.—Financiamento*

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 16/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2016, ascende a setecentos mil (700.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se pode adquirir con cargo a esta convocatoria, sen prexuízo da súa eventual ampliación. De ser o caso ampliarase o crédito tendo en conta o disposto no artigo 58 do RLXS.

A contía máxima da subvención non poderá exceder os dez mil (10.000,00) euros.



A determinación da contía de cada subvención será acordada pola Xunta de Goberno tras a proposta previa da Comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos na base oitava.

Como regra xeral o importe máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder o 70 % do seu orzamento.

#### *Quinta.—Compatibilidade das subvencións*

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2016.

#### *Sexta.—Solicitudes e documentación*

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación, no Rexistro da sede de Vigo ou na web [www.depo.es](http://www.depo.es).

As solicitudes (anexo I) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Ficha técnica da entidade (anexo I.2)
- Documento que acredite a personalidade xurídica da persoa solicitante (fotocopia compulsada do DNI)
- Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade (modelo 230.036)
- Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade (NIF)
- Proxecto descritivo xeral da actividade e temporalización, asinado pola persoa representante (anexo II). Debe ser claro e realista. Debe incluír un orzamento detallado de ingresos e gastos, imputando a porcentaxe de salario que corresponda estritamente á execución. Os proxectos que inclúan a programación de cursos de formación, débense concretar os medios humanos e materiais, que se utilizarán en función do número de alumnas e alumnos, tendo en conta que as facturas xustificativas deberán axustarse a eses conceptos.
- Memoria xeral explicativa das características substanciais da entidade solicitante para valorar a súa capacidade (anexo III), incluíndo un organigrama, información sobre persoas socias e actividades realizadas no último ano
- Fotocopia compulsada dos seus estatutos, nos que conste a súa condición de entidade sen ánimo de lucro e os seus fins



- Certificación da relación das persoas que desempeñan os cargos dos órganos da entidade
- Declaración de axudas (modelo 230.008)
- Declaración responsable sobre as obrigas tributarias (230.041)
- A presentación da solicitude implica a autorización do solicitante para obter de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Certificación orixinal ou copia cotexada dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria
- Certificado de inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia ou solicitude de inscrición nel se aínda non é efectiva
- Se a entidade posúe certificados de calidade (ISO, EFQM, SGSI...) deberá presentalos xunto coa solicitude de subvención
- No seu caso, acreditación do seu recoñecemento como entidade de utilidade pública

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 70 da LRXAP/PAC, requiriráselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución da Deputación (de acordo co establecido no artigo 42 da LRXAP/PAC), terase por desistida.

#### *Sétima.—Lugar e prazo de presentación*

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción na páxina [www.depo.es](http://www.depo.es) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará no prazo dun mes.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza á Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.



As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial que se detallan na seguinte táboa:

Denominación	Enderezo	Horario
Rexistro xeral da Deputación en Pontevedra	Avda. de Montero Ríos, s/n Pazo provincial	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19 h Sábados, de 9 a 13 h
Rexistro da oficina de Vigo	Rúa Oporto, núm. 3	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Rexistro do ORAL en Pontevedra	Avda. de Marín, núm. 9, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Arbo	Rúa Luis Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Bueu	Rúa Eduardo Vicenti, núm. 8	Luns e xoves, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Caldas de Reis	Rúa José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Cambados	Rúa Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Rexistro do ORAL en Cangas	Praza das Pontes, s/n	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL na Cañiza	Rúa Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Crecente	Rúa Solís Ruíz, núm. 5	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL na Estrada	Avda. Benito Vigo, núm. 47, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Lalín	Praza de Galicia, núm. 1, edificio Castro Tecnolóxico	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Moaña	Rúa Almansa, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL nas Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Nigrán	Rúa Damas Apostólicas, núm. 15	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Pontearreas	Rúa Concha Brey, núm. 4, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Ponte Caldelas	Avda. Galicia, núm. 17, edificio do concello	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL no Porriño	Rúa O Pinar, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h Xoves, de 16:00 a 18:00 h
Rexistro do ORAL no Rosal	Praza do Calvario, núm. 1, edificio do concello	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Sanxenxo	Rúa Carlos Casas, núm. 8	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Todos os mércores, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Tui	Rúa Coruña, núm. 26	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Vilanova de Arousa	Rúa Cruceiro, núm. 1 (esquina rúa Aromas de Leyenda, núm. 11)	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h

Igualmente, as solicitudes poderanse presentar en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da LRXAP/PAC.

En caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro xeral da Deputación) este deberá ser certificado, co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes indicado na convocatoria.





*Oitava.—Valoración e criterios de concesión*

A adxudicación das subvencións farase en concorrencia competitiva tendo en conta os principios de igualdade, transparencia, non discriminación e obxectividade, e as puntuacións alcanzadas serán as que determinan as subvencións obxecto de concesión conforme aos seguintes criterios de valoración, tendo en conta que cada proxecto poderá ser valorado cun máximo de 100 puntos:

1.—A calidade técnica do proxecto presentado, valorándose esta en función da información achegada no anexo II: Proxecto e orzamento específico (ata 50 puntos), en función dos seguintes indicadores:

- Grao de adecuación dos obxectivos e actividades á finalidade da convocatoria, 10 puntos.
- A viabilidade técnica do proxecto presentado e grao de coherencia interna do proxecto, en especial en relación cos recursos financeiros, técnicos e materiais aplicados á súa execución, 15 puntos.
- A viabilidade económica do proxecto, entendendo que este será máis viable canto maior sexa a porcentaxe do custo que asuma a entidade cos seus propios recursos técnicos e materiais, así como a disposición por parte da entidade doutras fontes de financiamento, ata 15 puntos.
- A correcta presentación do proxecto, en canto á adecuada descrición da actividade que se desenvolverá, a duración e calendario de execución (cronograma), o lugar de realización, as características do público ao que se dirixe, así como o número estimado de persoas beneficiarias; os obxectivos que se perseguen co proxecto ou actividade, o orzamento e procedemento de avaliación, ata 10 puntos.

2.—A implantación territorial do proxecto, con dous puntos por cada un dos concellos onde se xustifique documentalmente o desenvolvemento de actividades, cun máximo de 15 puntos.

3.—Valorarase as entidades que dentro das actividades dos seus proxectos, ou nas actuacións levadas a cabo na súa programación anual, contén coa participación e colaboración da Deputación de Pontevedra e con outras administracións públicas nos dous anos anteriores (xornadas, seminarios, campañas de prevención e sensibilización, voluntariado). Deberase detallar de xeito claro e conciso estas actuacións; ata 15 puntos.

- En caso dunha colaboración nos dous exercicios anteriores, 5 puntos
- En caso de dúas colaboracións, 10 puntos
- En caso de tres colaboracións ou máis, 15 puntos

4.—Proxectos para a promoción e apoio de colectivos en situación de desigualdade social que prioricen a inclusión social destas persoas, ata 20 puntos.



- Se a inclusión figura nos seus estatutos como un dos seus obxectivos, 5 puntos
- Se a inclusión forma parte dos obxectivos do proxecto que se presente nesta convocatoria, 15 puntos

En caso de producirse a renuncia a algunha das subvencións propostas na resolución provisional o crédito non aplicado poderá distribuírse entre os demais proxectos respectando os límites de financiamento fixados.

*Novena.—Procedemento de concesión dos proxectos*

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. A contía da subvención obterase da aplicación dun cociente á puntuación que resulte na base oitava, tendo en conta que o máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder do 70 % do seu orzamento e que cada axuda concedida será como máximo de dez mil (10.000) euros.

A Comisión de valoración procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvencións presentadas, conforme aos criterios sinalados anteriormente. A Comisión poderá solicitar, motivadamente, os informes que estime necesarios para resolver as peticións. Así mesmo, poderá excluír da valoración as entidades que, de conformidade coa documentación presentada, sexan cualificadas como tecnicamente insolventes ou soliciten axudas para a realización de proxectos ou actividades inviables ou economicamente non xustificadas.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A composición da Comisión será a seguinte:

- Presidencia: a presidenta da Deputación ou deputada/o provincial en quen delegue
- Vogalía:
  - Unha persoa responsable do Servizo de Cohesión Social e Xuventude ou membro do funcionariado en quen delegue
  - A persoa técnica responsable do programa
- Secretaría: un membro do funcionariado do citado servizo, que actuará con voz e sen voto



A Comisión, logo de avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe no que se concretará o resultado da valoración efectuada, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo de exclusión.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da LRXAP/PAC.

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación da solicitude, sen que se lles notifique a resolución lexitima aos interesados, considerarase desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de subvención.

#### *Décima.—Modificación da resolución*

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo), logo de notificada a resolución da concesión, despois da solicitude razoada, o beneficiario da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade desta, que se poderá autorizar cando non se danen dereitos de terceiros.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución presidencial, logo da proposta previa da Comisión avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida: o seu importe e o orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicial a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.
- Só se permitirá un único cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivada e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen e, en todos os casos, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución do proxecto ou actividades subvencionadas. Este deberá realizarse durante o ano 2016, tal e como se recolle no artigo 64.2. do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo).



*Décimo primeira.—Xustificación*

1.—Logo de notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade ou o investimento os beneficiarios deberán de xustificalas antes do 30 de xaneiro de 2017 (inclusive).

2.—De se produciren circunstancias imprevistas que lles impidan aos beneficiarios rematar ou xustificar en prazo os proxectos ou actividades estes poderán solicitar unha prórroga.

Tanto a solicitude de prórroga como a decisión sobre a ampliación polo órgano competente deberán producirse, en todo caso, antes do remate do prazo de xustificación da subvención (artigo 49 da LRXAP/PAC).

O órgano competente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda da metade do prazo inicial e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros (artigo 70 do Regulamento da LXS).

3.—Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis ca o importe xustificado co límite da subvención concedida.

4.—Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial a través do Servizo de Intervención.

5.—A entidade deberá presentar, no momento da xustificación, os certificados nos que conste que están ao corrente das súas obrigacións con Facenda e coa Seguridade Social.

6.—As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice este Servizo, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderase esixir responsabilidade administrativa.

7.—Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados preferiblemente polos beneficiarios antes da presentación da xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

8.—Os beneficiarios das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etc.). Só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se



considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento da LXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

9.—Facer constar a colaboración da Deputación de Pontevedra en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados e na súa páxina web. Débese achegar un documento probatorio: foto, folia de xornal ou pantallazo da web. As normas de imaxe institucional pódense consultar a través do seguinte enderezo: comunicacion@depo.es. A difusión da orixe da subvención realizarase co mesmo tamaño e nas mesmas condicións de visibilidade que outros financiadores.

10.—Para percibir a subvención concedida as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha. As facturas estarán debidamente conformadas co xustificante de recepción do beneficiario da subvención e o selo do acredor.
- Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da actividade subvencionada. Porase de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal e como se establece na base 25.8.2.c das de execución do vixente Orzamento provincial.
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, segundo o modelo do anexo IV.

#### *Décimo segunda.—Pagamento*

Para pagar a subvención terase en conta:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.



*Décimo terceira.—Incumprimento*

Despois de vencer o prazo de xustificación sinalado na base décimo primeira ou, se for o caso, o establecido na prórroga, sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude requiriralle que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

Neste requirimento notificarase que incorreu nunha infracción leve, tipificada no artigo 56.a da LXS, que leva consigo unha multa de 75 a 900 euros. Do mesmo xeito, en caso de presentación incompleta ou defectuosa, o beneficiario só terá un período de emenda de 10 días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

*Décimo cuarta.—Devolución e reintegro*

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ao obtelas falseando as condicións requiridas
- Ao non as aplicar para os fins para os que foron concedidas
- Ao incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

*Décimo quinta.—Recursos*

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes. Entenderase como desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado correspondente, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente este recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

*Décimo sexta.—Dereito supletorio*

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa
- Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 12/2011, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2016 da Deputación de Pontevedra

Para o non disposto nesta convocatoria contemplárase o establecido nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2016, na LXS e demais lexislación de desenvolvemento.

